RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Antonio Cacabelos Rico (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 25/02/2025
HASH: e8ad34a2f34ad0e9410 34b454e21996a

DANIEL ANGEL LAMAS BELLO (2 para 2)
SECRETARIO ACUMULADO
Data de Sinatura: 25/02/2025
HASH: 1487c0f164194 0e4ac4fc02031ebd96b

Expediente n.º 618/2025
Asunto: Ampliación de horarios de peche de establecementos no Entroido 2025.

Vista a Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, no seu artigo 5 establécese o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

Visto que o citado horario xeral de peche é o seguinte:

- Cafeterías: 2.30 horas.
- Bares: 2.30 horas.
- Discotecas: 6.00 horas.
- Pubs: 4.00 horas.
- Festas e verbenas populares: 4.00 horas.

Visto que de acordo co artigo 7 o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas aos que se refire esta orde ampliarase con carácter xeral media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Visto o artigo 8, que permite que os horarios xerais podan ser ampliados ou reducidos nos supostos que se establecen nos artigos 9 e 10 desta orde, correspondendo aos respectivos concellos, segundo o disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, a ampliación ou redución dos horarios xerais.

Visto que de acordo co artigo 9 os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas do mesmo os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Visto que as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, podendo tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

Cod. Validación: 63AAPMPR3A4YM5KE3D4F7HQSR
Corrección: https://concellodogrove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Vista a festividade e tradición do Entroido neste municipio no período comprendido entre o 28 de febreiro e o 4 de marzo de 2025.

Por medio da presente e en base ás habilitacións recoñecidas pola normativa vixente, e de conformidade co Informe xurídico emitido pola Secretaría municipal,

RESOLVO

PRIMEIRO. Ampliar o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas durante o período comprendido entre o 28 de febreiro e o 4 de marzo de 2025, en 2 horas, quedando polo tanto os horarios dispoñibles dos seguintes establecementos:

- Cafeterías: 4.30 horas.
- Bares: 4.30 horas.
- Pubs: 6.00 horas.
- Salas de festas e discotecas: 8.00 horas.

SEGUNDO. Comunicar esta resolución ao servizo da Policía Local para os efectos oportunos.

TERCEIRO. Publicar o presente Decreto no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do Concello.

Documento asinado electronicamente

Cod. Validación: 63AAPMPR3A4YM5KE3D4F7HQSR
Corrección: https://concellodogrove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2